

Prezadas/os colegas:

En primeiro lugar e no nome do Grupo de Traballo da materia Bioloxía, poñémonos en contacto con todos vos un ano máis.

As novidades (poucas) que introducimos nas probas que se celebrarán no ano 2017 obedecen á adaptación ao establecido na nova lexislación, nomeadamente á Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (ECD/1941/2016 do 22 de decembro, BOE de 23 de decembro) ditada en desenvolvemento do Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, e pendente da publicación da resolución no DOG de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que se ditan instrucións para a realización da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade para o curso 2016/2017.

Baseándonos na nova normativa e procurando que os cambios foran mínimos, elaboramos unha serie de documentos, co obxectivo último de orientar ao profesorado e aos alumnos sobre os coñecementos mínimos que deben alcanzar os estudantes en cada un dos bloques temáticos dos que consta esta materia, coñecementos que se esixirán no exame de acceso á universidade da convocatoria do ano 2016/17. As orientacións aparecen estruturadas en catro arquivos. Un que contén os **Estándares avaliábeis da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade no curso 2016/2017**, un segundo arquivo de **Orientacións do Grupo de Traballo**, un terceiro con as **Instrucións xerais para a realización da proba** e un cuarto que é un **Modelo de exame**.

É importante sinalar que no arquivo *Estándares avaliábeis da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade no curso 2016/2017*, aqueles estándares que aparecen sinalados en letra *cursiva* poderán formar parte da proba, pero a súa cualificación non superará o 30% do total, constituindo os estándares de aprendizaxe sinalados en letra normal polo menos o 70% da cualificación final da proba.

Respecto ás *Orientacións do Grupo de Traballo*, en ningún caso constitúen unha ampliación de contidos senón unha aclaración de cuestións sobre cada un dos bloques temáticos. Evidentemente cada centro poderá organizar os contidos de Bioloxía de acordo coa súa programación.

Respecto ao *Modelo de examen*, entendemos que este ano é un ano de cambio/transición polo que o grupo, tendo en conta a falta de tempo co que se afronta a preparación da proba para este curso, acordamos manter a mesma estrutura que había ata agora, pero respectando os criterios indicados na normativa.

Quedamos á vosa enteira disposición para calquer consulta, aclaración ou suxestión.

O grupo de traballo,